

B3 UNIDADE 6 A PREHISTORIA

DEFINICIÓNS:

PREHISTORIA: Período da Historia dende a aparición dos primeiros homínidos (2,5 ma) ata a invención da escritura (3000 a.C). Caracterízase polo proceso de hominización e pola inexistencia de restos escritos.

ARQUEOLOXÍA: ciencia auxiliar da Historia que estuda os restos materiais antigos

PALEOLÍTICO: período da Prehistoria que transcorre entre a aparición dos primeiros homínidos e a invención da agricultura

NEOLÍTICO: período da Prehistoria que transcorre entre a aparición da agricultura e o descubrimento da metalurxia

IDADE DOS METAIS: período da Prehistoria que transcorre entre o descubrimento da metalurxia e o inicio da Historia

DEPREDACIÓN: forma de vida que consiste en consumir sen repoñer. Dáse no Paleolítico

MEGALITISMO: construción de monumentos (menhir, dolmen e crómlech) a partir de megalitos (grandes pedras). Dáse na Europa atlántica dende finais do Neolítico e durante a Idade dos Metales

HOMINIZACIÓN: proceso evolutivo que leva dende os primeiros homos ao ser humano actual. Sucede dende hai uns 2,5 millóns de anos ata fai uns 120.000, preferentemente en África

ATAPUERCA: depósito arqueolóxico da provincia de Burgos onde se acharon restos do Homo Antecesor (800.000 anos)

ALTAMIRA: cova da provincia de Cantabria onde se achan representacións de arte rupestre